# PROPOSTAS EDUCATIVAS 6º EDUCACIÓN INFANTIL



A maioría son actividades manipulativas, e se carecedes de impresora podedes copiar as ideas á man en folios ou nun caderno calquera!

***TOCA, RÍE, MIRA, ULE, SABOREA, SINTE, EXPLORA, DESCOBRE…***



**CEIP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI**
**COVID 19**

# PROPOSTA LUNS 23/3/20

AGRUPA DECENAS CON MATERIAIS OU OBXECTOS QUE ATOPES NA CASA: TAPÓNS, PAUS, PEDRAS, CERAS, FABAS, LENTELLAS,CHAPAS, ETC.

**LOGO SE QUERES FAI UN DEBUXO DA ACTIVIDADE REALIZADA AQUÍ OU NOUTRO SOPORTE DE PAPEL CALQUERA: CARTÓN, CARTULINA, FOLIOS, ETC.**



CÁNTAS DECENAS CONSEGUICHES?

# PROPOSTA MARTES 24/3/20



LANZADE OS DADOS AO AIRE E ANOTADE OS PUNTOS DE CADA DADO, DESPOIS CONTADE O TOTAL PARA FACER A SUMA.
SE NON TEDES DADOS NA CASA PODÉDELOS FABRICAR CON PAPEL AQUÍ https://www.youtube.com/watch?v=ij4s4Ge13_Q



# PROPOSTA MÉRCORES 25/3/20





FAI UN ABECEDARIO CON COUSAS QUE ATOPES POLA CASA, PODE SER EN MAIÚSCULAS OU MINÚSCULAS, COMO TI PREFIRAS. LOGO PODES COMPOÑER O TEU NOME E O DOS TEUS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS.

PROPOSTA XOVES 26/3/20



# PODES DICIRME UN ANIMAL QUE NAZA DUN OVO?

ESCRIBE AQUÍ A TÚA RESPOSTA

NOME DOS ENQUISADOS

FAI UNHA ENQUISA AO TEU PAPÁ, MAMÁ, OU CALQUERA OUTRA PERSOA QUE ESTÉ NA CASA.
LOGO CONTA E ANOTA CÁNTOS OVOS TEDES . E SE QUEREDES EXPERIMENTAR MÁIS... PROBA A FACER UN OVO SALTARÍN AQUÍ
https://www.youtube.com/watch?v=IZJGbA6tSvY

NÚMERO DE OVOS



PROPOSTA VENRES 27/3/20







XA ESTAMOS EN PRIMAVERA!! FAI A  TÚA COMPOSICIÓN

# PROPOSTA LUNS 30/3/20

CONSTRÚE A TÚA PROPIA RECTA NUMÉRICA COAS SÚAS CANTIDADES E DISTINTOS ELEMENTOS . PRIMEIRO PODES COMPLETAR TODOS E LOGO SÓ OS NÚMEROS IMPARES, DESPOIS OS PARES…LÉMBRATE DOS SALTIÑOS!



# PROPOSTA MARTES 31/3/20

INVENTA UN NOVO TITULAR PARA ESTA NOVA


ENTREVISTA
REYES MAROTO
MINISTRA DE INDUSTRIA
«Iré a EEUU para defendernos de la política comercial de Trump»
PANORAMA ▸ 24 y 25

NEGOCIACIÓN SOCIAL
Velando armas ante la nueva reforma laboral
TEMA DEL DÍA ▸ 2 a 5

Madre e hijo, en un templo de Hong Kong, ayer.

El virus chino llega a Europa con tres infectados en Francia
La industria turística tiembla por la amenaza sanitaria COSAS DE LA VIDA ▸ 30 y 31

DESAFÍO AL SUPREMO
Torrent se niega a despojar a Torra del escaño
▸Hoy expira el plazo de la Junta Electoral para la destitución
PANORAMA ▸ 18 y 19

GOYA DE HONOR
Pepa Flores
La mujer que enterró a Marisol
PRIMERA FILA ▸ 42

# PROPOSTA MÉRCORES
# 1/4/20

ESCRIBE OS ALIMENTOS QUE ATOPES. SE QUERES TAMÉN PODES PREGUNTAR CAL É O ALIMENTO FAVORITO DE CADA MEMBRO DA CASA E ANOTALO.



## QUE ALIMENTOS HAI NO FRIGORÍFICO?

# PROPOSTA XOVES 2/4/20

# A PARTIRES DESTE TEXTO CREA O TEU MINIMUNDO



*O PRINCIPIÑO ATRAVESOU O DESERTO E NON ATOPOU MÁIS QUE UNHA FLOR. UNHA FLOR DE TRES PÉTALOS, SEN IMPORTANCIA…*

- *BOS DÍAS- DIXO O PRINCIPIÑO.*
- *BOS DÍAS- CONTESTOU A FLOR:*
- *ONDE ESTÁN OS HOMES?- PREGUNTOU CORTESMENTE O PRINCIPIÑO.*

*A FLOR VIRA PASAR UN DÍA UNHA CARAVANA.*

- *OS HOMES? COIDO QUE NON EXISTEN MÁIS DE SEIS OU SETE. VINOS HAI ANOS, PERO NUNCA SE SABE ONDE ATOPALOS. LÉVAOS O VENTO PORQUE NON TEÑEN RAÍCES, E ISO DEBE SER MOI MOLESTO.*
- *ADEUS- DIXO O PRINCIPIÑO.*
- *ADEUS- DIXO A FLOR.*



DESPOIS DE LER O TEXTO PODEDES CREAR UN MINIMUNDO CON TODO TIPO DE MATERIAIS. É MELLOR TER OS MATERIAIS PREPARADOS E UNHA ZONA AMPLA E LIBRE PARA REALIZALO: CHAN, ALFOMBRA, MESA…. AO REMATAR BUSCADE UN NOME E SÁCADELLE UNHA FOTO QUE PODEDES ENVIAR AO CORREO DO COLE.

# PROPOSTA VENRES 3/4/20

ARCIMBOLDO REPRESENTABA O ROSTRO HUMANO A PARTIRES DE FLORES, FROITAS,ANIMAIS, OBXECTOS.... LOGO PODES ANOTAR OS MATERIAIS QUE EMPREGACHES



PODES COMPOÑER UN RETRATO COMO ARCIMBOLDO?